



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Substitucións de auxiliares administrativos por mor de baixas de longa duración Expediente 2022/X999/000021

Logo de ver a existencia de baixas por I.T. de longa duración entre o persoal adscrito á Administración Xeral e Servizos Sociais e que son as seguintes:

- D^a. M^a Dolores García Suárez: Desde o 23-07-2021
- D^a. M^a José Roca Pedreira: Desde o 06-05-2021

Mediante a resolución de Alcaldía núm. 23/2022 de 14-01-2022 acordouse declarar a extinción da bolsa de emprego, prorrogada pola resolución núm. 446/2021 de data 09/07/2021, para os postos de auxiliar administrativo/a, persoal laboral temporal, aprobada inicialmente pola resolución núm. 767/2020 do 01-11-2020 e das contratacións vixentes das dúas auxiliares administrativas, persoal laboral temporal, D^a. Desiree Facal Fuentes e D^a. Ana María Pérez García, as cales rematarán o día 31-01-2022.

Pola súa duración estas baixas están a ocasionar mermas na prestación dos servizos, razón pola que a Alcaldía estima que ao coincidir as baixas de longa duración e a extinción dos contratos vixentes de auxiliares administrativos, débense reforzar os servizos por medio da cobertura por interinidade e durante o tempo necesario que duren as baixas de longa duración das traballadoras precitadas e así poder cubrir a necesidade do arquivo municipal e servizos sociais ás que están adscritas as traballadoras de baixa médica.

Logo de ver que existe unha necesidade urxente e inaprazable de cubrir temporalmente estes dous postos de traballo de auxiliar administrativo e tendo en conta a situación actual do concello por mor da incidencia da situación sanitaria provocada pola COVID-19 con baixas, corentena dalgúns empregados públicos que prestan o seu servizo na Administración Xeral municipal, así como a inqedanza e a incerteza da evolución da pandemia, así como o posible confinamento nos vindeiros meses e un posible teletraballo dos empregados públicos municipais, obrigan a ser previsores para poder establecer quendas de traballo que garantan a correcta prestación de servizos aos cidadáns, así como a tramitación administrativa dos distintos expedientes para poder garantir o cumprimento do interese xeral.

Mediante a providencia da Alcaldía de data 19-01-2022 dispúxose que polo T.A.X-Coordinador Xeral se emitise un informe relativo á cobertura temporal dos dous postos de Auxiliares Administrativos que ocupan dúas traballadoras de baixa de longa duración ata a súa incorporación, empregando a lista de reserva para estes postos de traballo aprobada pola resolución núm. 23 de data 14-01-2022, emitido o informe-proposta na data de 25-01-2022, no que se acredita os chamamentos realizados aos integrantes e literalmente díse:



CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

“Tendo en conta o exposto, na antedita resolución aprobouse a lista de reserva prevista na base 10 das reguladoras da convocatoria e proceso selectivo para a cobertura dun posto de funcionario Auxiliar Administrativo da Administración Xeral, Subgrupo C2, que establece a formación dunha lista de reserva para posibles substitucións dos candidatos propostos, ordenados de forma decrecente segundo a puntuación obtida, cos que resulten aprobados e non propostos para a cobertura da praza. De acordo coa citada base e en cumprimento da providencia de Alcaldía de data 19-01-2022 fíxose o chamamento o día 20-01-2022 aos 3 candidatos que figuran na lista de reserva a través do correo electrónico ás direccións telemáticas achegadas polos candidatos, outorgándose un prazo de 48 horas para contestar ao mesmo, producíndose o seguinte resultado: Con data do 20-01-2022, a candidata núm. 1, D^a Cristina Vilanova Añón, envía correo electrónico contestando ao chamamento e mais escrito pola sede electrónica municipal con rexistro de entrada co núm. 20229990000086 renunciando ao posto ofertado mediante a achega de documentación que acredita estar traballando noutra Administración Pública. Na mesma data, 20-01-2022, recíbese contestación do candidato número 3, D^o Daniel Ermo Sanches, mediante o correo electrónico e tamén polo rexistro electrónico municipal (R.E. núm. 20229990000083), comunicando que non acepta cubrir o posto por atoparse traballando noutra Administración, o cal acredita documentalmente. Porén, o candidato número 2, D^o Xesús Manuel Ríos Pena, non responde ao chamamento efectuado o día 20-01-2022, tal e como se lle indicou no correo electrónico remitido e tamén na conversa mantida co mesmo por vía telefónica.”

Polo que no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

RESOLVO

Primeiro: Declarar deserto o chamamento efectuado aos 3 candidatos que figuran na lista de reserva aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 23 do 14-01-2022, prevista na base 10 das reguladoras da convocatoria e do proceso selectivo para a cobertura dun posto de funcionario Auxiliar Administrativo de Administración Xeral, Subgrupo C2.

Segundo: Aprobar a actualización da lista de reserva aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 23 do 14-01-2022, quedando excluído da mesma o candidato número 2, D^o. Xesús Manuel Ríos Pena, por non responder ao chamamento efectuado:

LISTA RESERVA:

1. VILANOVA AÑÓN CRISTINA ****0982**, 43,40 puntos.
2. ERMO SÁNCHESES DANIEL ***68701**, 32,40 puntos

Terceiro: Iniciar polo TAX-Coordinador Xeral os trámites necesarios para a elaboración dunhas bases para a formación dunha bolsa de traballo para cubrir postos de auxiliar administrativo, persoal funcionario e laboral, existentes no concello, ao quedar deserto os chamamentos efectuados da lista de reserva aprobada pola resolución núm. 23 do 14-01-2022.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Cuarto: Publicar esta resolución na páxina web municipal, taboleiro de anuncios e sede electrónica do Concello de Ponteceso para xeral coñecemento e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria en réxime de acumulación, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria en réxime de acumulación

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Asdo.: María Cristina Varela García